



## **HÉRCULES BRASS Quinteto de metais**

O *Hércules Brass Quinteto de metais* nace en A Coruña no ano 2011 e está formado por novos profesionais nas súas diferentes especialidades, trompeta, trompa, trombón e tuba. Xorde pola inquietude das súas compoñentes por explorar e mostrar o amplo repertorio composto ao longo da historia para esta formación, ademais do seu abano de posibilidades e cores. Dende a súa creación este grupo ten como obxectivo a participación no prestixioso concurso **8<sup>th</sup> International Chamber Music Competition, Lyon (France)** en Abril de 2012, a realización de proxectos e espectáculos musicais á vez que programas didácticos.

O que caracteriza a este grupo, contando que todos os seus membros proceden da mesma rexión de España, Galicia, é que lles une unha longa traxectoria tocando xuntos dende unha temperá idade. Principalmente nas Orquestras Novas da Sinfónica de Galicia e a Nova Orquestra Nacional de España.

Todos eles rematando os seus estudos musicais en prestixiosos conservatorios e a pesar da súa xuventude, teñen unha grande experiencia musical colaborando, mesmo como solistas, coas mellores orquestras novas como OJSG, JONDE, NJO, EUYO, SHMF e profesionais como a Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filarmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla e León, Orquestra Sinfónica de RTVE, Orquestra Sinfónica de Madrid, Orquestra de Extremadura, Orquestra Cidade de Granada, Orquestra do Teatro Lírico de Barcelona, Orquestra Sinfónica de Gijón, Orquestra Sinfónica de Bilbao, Sinfónica de Euskadi, Orquestra do Palau de les Arts de Valencia, as orquestras Portuguesas Orquestra do Norte e Nacional de Oporto, e a Royal Concertgebouw Orchestra.

## **PROGRAMA**

Samuel Scheidt - Canzone aechiopicam

Jean-François Bellon - Quintet no.7 , I mvt

Ivan Jevtic - Quintette Victoria

---

J. S. Bach

- Fuga en Sol menor

Werner Pirchner - L'homme au marteau dans la poche

- À Bientôt Quatre-Vingt-Dix-Neuf

- Un Cadeau - pour Godard

- Optimissimo

- Monsieur et Madame Pinter

- Rennweg-Promenade & Painter Pinter

- Les Oiseaux extraordinaires dans les Bureaux

- L'homme au marteau dans la Poche